

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 22 de marzo de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de marzo do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luísa María Sánchez Méndez, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente o Interventora Acctal., *Susana Escaloni Varela*.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33527.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024.

2.33528.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CANGAS PARA O INVESTIMENTO “MELLORA DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NO ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO”, INCLÚIDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (Expte.2024014285)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.



O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Cangas* o importe que lle corresponde é de 152.652,97€.

En data 28/02/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024013345), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Cangas, emendada nas datas 12/03/2024 e 13/03/2024 (núms. rexistro WEB2024016713 e WEB2024017115), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 151.286,54 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora da iluminación exterior no estadio municipal de atletismo”, cun orzamento polo mesmo importe.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro do Servizo de Cooperación de data 14/03/2024 (CSV: Z6H4UB9GO63MFL5Q).

O 14/03/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: ELV1U6DHI3REG6O0) e na data 15/03/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: 9SYY0P8280AHAHU9).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

Resolución do expediente:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.



- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

Réxime competencial:

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro do Servizo de Cooperación, da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cangas*, CIF P3600800A, a cantidade de 151.286,54 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora da iluminación exterior no estadio municipal de atletismo”, cun orzamento subvencionable polo mesmo importe, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cangas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



3.33529.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A CAÑIZA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “XERACIÓN ELÉCTRICA FOTOVOLTAICA PARA USO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE A CAÑIZA” (Expte. 2024017091)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 11/03/2024, mediante rexistro WEB2024016511, formalmente e en prazo, consta a entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *Concello de A Cañiza* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 81.662,26 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Xeración eléctrica fotovoltaica para uso da piscina municipal do Concello de A Cañiza*”, cuxo orzamento ascende 135.520,51 €, sendo financiado o importe restante ata completar o orzamento que importa 53.858,25 € cunha axuda do Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	135.520,51	81.662,26	53.858,25 (INEGA)	0,00

O importe da subvención solicitada de 81.662,26 €, financia 72.475,25 € de execución de obra, 7.966,95 € de honorarios de redacción de proxecto, 858,98 € de honorarios de dirección de obra e 361,08 euros de honorarios de coordinación de seguridade e saúde.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.

Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.



A devandita autorización e a resolución (ou o acordo) de aprobación de proxecto serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/03/24, e da xefa do servizo de Cooperación de data 12/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de A Cañiza*, CIF: P3600900I, unha subvención por importe de 81.662,26 € co obxecto do financiamento do investimento “*Xeración Eléctrica fotovoltaica para uso da piscina municipal do Concello de A Cañiza*” (Expte. 2024017091)”, cuxo orzamento ascende 135.520,51 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa.

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	135.520,51	81.662,26	53.858,25 (INEGA)	0,00



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana xunto coa resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Cañiza*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33530.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “ACTIVIDADES CULTURALS 2024” (Expte.2024016985)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 08/03/2024, con rexistro núm.WEB2024016248, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do Concello de Cerdedo Cotobade na que solicita unha subvención por importe de 70.043,36 €, con destino ao financiamento de “Actividades culturais 2024” (Expte.2024016985), cun orzamento polo mesmo importe.



Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Entroido infantil en Cerdedo Cotobade 2024	3.955,00 €	3.955,00 €
Festas do neno en Cerdedo Cotobade 2024	4.488,00 €	4.488,00 €
Nadal infantil en Cerdedo Cotobade 2024	3.256,00 €	3.256,00 €
San Xoán en Cerdedo Cotobade 2024	4.433,06 €	4.433,06 €
Música en Cerdedo Cotobade 2024	12.990,30 €	12.990,30 €
Teatro en Cerdedo Cotobade 2024	10.591,00 €	10.591,00 €
Iluminación e decoración de Nadal en Cerdedo Cotobade 2024	16.200,00 €	16.200,00 €
Excursións en Cerdedo Cotobade 2024	5.000,00 €	5.000,00 €
Transgalaica Cerdedo Cotobade 2024	3.630,00 €	3.630,00 €
Campionato galego kickboxing Cerdedo Cotobade 2024	3.000,00 €	3.000,00 €
Torneocup de fútbol base Cerdedo Cotobade 2024	2.500,00 €	2.500,00 €
TOTAL	70.043,36 €	70.043,36 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)



- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 12/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 14/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, CIF:P3600048G, a cantidade de 70.043,36 €, con destino ao *financiamento de “Actividades culturais 2024”* (Expte.2024016985), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

5.33531.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA USO SOCIOCULTURAL NO CASTRO DE DOZÓN” (Expte. 2024015477)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

No marco do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030-Programa PON2030, concedéuselle ao *concello de Dozón* por acordo do Pleno da Corporación Provincial núm. 4.8011 de data 23 de xuño de 2023 (expediente: 2023030722) unha subvención de 347.275,91 € para financiar a actuación denominada “*Rehabilitación de edificio para uso sociocultural no Castro de Dozón*” cun orzamento que ascende a 450.418,51 €, sendo a achega municipal de 103.142,60 €.

PROGRAMA	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA- PON2030	ACHEGA MUNICIPAL(Concello DOZÓN)
PON2030	450.418,51	347.275,91	103.142,60

En data 04/03/2024, con número de rexistro WEB2024014826, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do *concello de Dozón* na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras do Plan, (que permite ás entidades municipais destinar parte ou a totalidade da cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais para investimentos acollidos noutros plans, programas ou convenios da propia Deputación ou doutras administracións cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal), solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 103.142,60 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Programa PON2030 e 15.140,11 € dos honorarios de dirección de obra do investimento “*Rehabilitación de edificio para uso sociocultural no Castro de Dozón*”, sendo o seu orzamento de 465.558,62 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Concepto	Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
Execución obra	450.418,51	103.142,60	347.275,91 (PON2030)
Honorarios	15.140,11	15.140,11 honorarios dirección de obra	0,00
TOTAL	465.558,62	118.282,71	347.275,91 (PON2030)



Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade, uso do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024, figurando no expediente a documentación requirida.

A execución e a xustificación do orzamento de execución de obra deste investimento suxeitarase as norma do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da axenda 2030 – Programa PON2030 e a xustificación dos honorarios de dirección de obra coas normas do Plan + Provincia 2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 05/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 15/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Dozón*, CIF P3601600D, a cantidade de 118.282,71 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Programa PON2030 e 15.140,11 € correspondentes aos honorarios de dirección de obra do investimento “*Rehabilitación de edificio para uso sociocultural no Castro de Dozón*”, sendo o seu orzamento de 465.558,62 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Concepto	Orzamento	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
Execución obra	450.418,51	103.142,60	347.275,91 (PON2030)
Honorarios	15.140,11	15.140,11 honorarios dirección de obra	0,00
TOTAL	465.558,62	118.282,71	347.275,91 (PON2030)

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ao gasto. Unha vez concedida a subvención, xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente polo importe axustado á execución de obra (103.142,60 €) e realizaranse as oportunas operacións en formalización
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación da execución de obra (103.142,60 €) do investimento rexeráse polas normas do programa PON2030.



- A xustificación dos honorarios de dirección de obra (15.140,11 €), realizarase conforme ao recollido na base reguladora 34 do Plan + Provincia 2024, polo que deberán estar executados a 31/12/2025 e xustificados a 31/05/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar ao inicio do procedemento de perda do dereito ao cobro da cantidade que corresponda.
- Darlle traslado do presente acordo ó *Concello de Dozón*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.33532.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORCAREI AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)” (Expte.2024014380)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.

Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.



Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE FORCAREI					
Data de presentación:			13/03/2024 (registro WEB2024017070)		
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 7 meses; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses</i>	129.342,66 €	129.342,66 €	0,00 €	129.342,66 €

Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítese informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE FORCAREI	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	130.527,55 €



Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local



- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25ª.2ª e 4ª do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Forcarei (P3601800J)	9	<i>1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 7 meses; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses</i>	129.342,66 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: PNABKYWKQG5X5KUR) e do informe de Intervención (CSV: Q1M8RG46XJBOJ2YT), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Forcarei* (CIF P3601800J) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Forcarei (P3601800J)	9	<i>1 peón de recollida de lixo e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 7 meses; 2 condutores/as de tractor, 2 peóns forestais e 1 oficial de 1ª albanel a xornada completa durante 6 meses e 2 peóns de obras públicas a xornada completa durante 4 meses</i>	129.342,66 €



Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.
- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.



- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.
 - O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instrutor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

7.33533.- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)” (Expte.2024017378)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases).

As bases reguladoras do Plan establécense co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas. As subvencións deste plan poderán destinarse ás seguintes liñas nos termos recollidos nas bases: liña 1 (investimentos), liña 2 (amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acredores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais, obras puntuais que non teñan a consideración de investimentos e gastos derivados da programación cultural, deportiva, social, etc.), liña 3 (programa de activación do emprego 2024) e liña 4 (redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas).

As finalidades subvencionables serán as que se sinalan nas bases e terán que ser de competencia municipal.

As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 3/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 3/01/2024.

De conformidade ao sinalado nas bases Quinta e Sexta, asígnase unha cantidade para cada un dos tres grupos nos que se clasifican os concellos, que se repartirá entre o número de concellos que forman o grupo en proporción á súa poboación en proporción á poboación, á superficie, aos núcleos de poboación e reto demográfico, segundo as características singulares de cada grupo de concellos e baseándose nas porcentaxes establecidas nas bases. No caso da Liña 3, repártense un total de nove millóns douscentos cincuenta e cinco mil (9.255.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/942.9425.462.03.



Os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da liña 3 a incrementar o importa da liña 1 en calquera momento e sen límite. Así mesmo, os concellos poderán traspasar ata o 60 % do crédito da liña 3 á liña 2 comunicando dito traspaso no momento de presentar as solicitudes de subvención.

Mediante Resolución Presidencial núm. 2024000047 de 08/01/2024, con CSV: 9JWTDW8CBVV246JU, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detración, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detración que se efectúe.

O prazo para solicitar as subvencións, será de tres meses contados desde o día seguinte ao da publicación no BOPPO da convocatoria.

De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.

Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2024), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE MOAÑA					
Data de presentación:		12/03/2024 (registro WEB2024016792)			
Data de emenda da solicitude:		14/03/2024 (registro WEB2024017411)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
28	1 oficial enterrador/a, 1 oficial condutor/a, 2 limpadores/as e 2 conserxes en xornada de 32,5 h./sem. durante 8 meses; 3 peóns de obra pública, 4 peón especialista medioambiente-forestal, 2 peóns medioambiente-forestal, 4 peóns especialistas xardineiros/as e 2 peóns xardineiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel, 1 oficial electricista, 3 limpadores/as e 1 conserxe a en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 limpador/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 3 meses	395.923,13 €	386.555,54 €	185.083,54 €	210.839,59 €



Comprobado dende o Servizo de Cooperación que esta solicitude de subvención da liña 3 (Programa de activación do emprego 2024) cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras e achegan a documentación requirida, emítase informe da Xefatura do Servizo en relación a súa tramitación.

A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2024/942.9425.462.03 (Liña 3: Programa de activación para o emprego 2024), existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE MOAÑA	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	210.839,59 €

Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe das axudas segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 aprobadas en sesión plenaria do 29/12/2023, punto núm. 4.8103, e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que o órgano instructor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16ª.2ª do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.



- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da técnica ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables, que comprenderán o custo salarial e a cotización á Seguridade Social de persoas desempregadas (calquera que sexa a categoría profesional) que reúnan os requisitos establecidos nas bases, respectando en todo caso o Salario Mínimo Interprofesional por traballador que se atope en vigor en cada momento (importe proporcional ás horas traballadas) ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, para o cal os concellos deberán, no seu caso, complementar a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.
- Bases Quinta, Sexta e Sétima do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña, así como os criterios obxectivos de reparto.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo, e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten, en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello, tendo en conta neste importe, no seu caso, as detraccións notificadas das débedas contraídas coa Deputación por parte das entidades solicitantes).

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polos concellos, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas. En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.



Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III. Asemade, deberanse xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na base Cuadraxésimo Sexta do Capítulo III e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.

Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, a xefa do Servizo de Cooperación INFORMA FAVORABLEMENTE o expediente de subvención relacionado no anexo no marco do PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) e a concesión da subvención solicitada segundo os importes e o obxecto que figuran en dito anexo, con cargo á aplicación orzamentaria que será no seu caso a 2024/942.9425.462.03.

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moaña (P3602900G)	28	<i>1 oficial enterrador/a, 1 oficial condutor/a, 2 limpadores/as e 2 conserxes en xornada de 32,5 h./sem. durante 8 meses; 3 peóns de obra pública, 4 peón especialista medioambiente-forestal, 2 peóns medioambiente-forestal, 4 peóns especialistas xardineiros/as e 2 peóns xardineiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel, 1 oficial electricista, 3 limpadores/as e 1 conserxe a en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 limpador/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 3 meses</i>	210.839,59 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: QGFYJHWPV74NNQZM) e do informe de Intervención (CSV: ZSACUIXJ2RTRB9T1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a concesión dunha subvención ao *Concello de Moaña* (CIF P3602900G) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2024 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Moaña (P3602900G)	28	<i>1 oficial enterrador/a, 1 oficial condutor/a, 2 limpadores/as e 2 conserxes en xornada de 32,5 h./sem. durante 8 meses; 3 peóns de obra pública, 4 peón especialista medioambiente-forestal, 2 peóns medioambiente-forestal, 4 peóns especialistas xardineiros/as e 2 peóns xardineiros/as en xornada de 32,5 h./sem. durante 7 meses; 1 oficial albanel, 1 oficial electricista, 3 limpadores/as e 1 conserxe a en xornada de 32,5 h./sem. durante 4 meses e 1 limpador/a en xornada de 32,5 h./sem. durante 3 meses</i>	210.839,59 €

Esta axuda concédese con suxeición ás bases reguladoras e a convocatoria do plan, e, en particular, ás condicións seguintes:

- a) A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases no referente á liña 3, especificamente a base Cuadraxésima Primeira.



- b) De conformidade co disposto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2024 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2024, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.
- c) Na medida en que a normativa laboral que lle sexa de aplicación, especificamente o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, o permita, no caso de que algún dos traballadores contratados renuncie ó contrato antes da súa finalización ou se dea algún outro suposto debidamente xustificado de extinción do contrato anticipadamente, o concello poderá formalizar un novo contrato para substituír o anterior polo tempo restante. No caso de baixas, permitirase a contratación doutro traballador que o substitúa a efectos unicamente da elixibilidade do gasto, con estrito respecto á normativa aplicable, tendo que optar o concello por imputar o custo dun ou doutro traballador alternativamente durante o período de baixa. O Concello deberá comunicar estas situacións á Deputación mediante escrito motivado. A relación laboral xurdida entre a entidade beneficiaria e o traballador non vinculará á Deputación de Pontevedra.
- d) Igualmente, sempre e cando a normativa laboral de aplicación o permita, de conformidade coas bases Cuadraxésimo Terceira e Cuadraxésimo Cuarta, admitirase a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. A modificación poderá supoñer unha variación económica á alza e o incremento poderá financiarse con fondos propios do concello, co crédito dispoñible dunha desistencia, total ou parcial, dun investimento da liña 1 ou co importe acumulado das baixas definitivas da liña 1, con independencia do remanente acumulado. En caso de supoñer unha subvención inferior poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.
- e) O pagamento anticipado da subvención concedida poderase facer efectivo da seguinte forma:
- O 80% ó inicio da actividade (ou servizo), que se xustificará co documento acreditativo expedido polo órgano ou persoa empregada pública competente. Aboarase segundo o número de contratos formalizados ata esa data e deberán identificarse as persoas traballadoras, as datas de inicio e a duración dos seus contratos e a categoría profesional.



- O importe restante aboarase unha vez rematadas todas as contratacións, tras a presentación da documentación xustificativa final e logo da súa verificación e comprobación polo servizo instructor e a Intervención Provincial.
- f) En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización da actividade realizada e en todo caso a partir do 31 de decembro de 2024 como máximo, cómpre presentar na Sede electrónica da institución provincial os seguintes documentos:
- Memoria final sobre as actividades realizadas e práctica profesional adquirida polas persoas traballadoras contratadas.
 - Certificación do informe relativo ao fin do servizo e do cumprimento dos requisitos e criterios sinalados nestas bases.
 - Certificación acreditativa expedida polo órgano ou pola empregada ou empregado público competente sobre a realización da actividade, na que se fagan constar o número de contratos, a súa categoría profesional, a identificación das persoas traballadoras e as datas de inicio e fin dos contratos.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

8.33534.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO NO BARRIO DO CRUCEIRO” (Expte.2024017422)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 12/03/2024, mediante rexistro WEB2024016827 (completada en data 15/03/2024 mediante rexistro WEB2024017629), formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Mondariz na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 76.070,96 euros co obxecto financiamento do investimento “Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro” (expdte 2024017422). Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 13/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 15/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 18/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF: P3603000E, unha subvención por importe de 76.070,96 € co obxecto do financiamento do investimento “*Ampliación do saneamento no barrio do Cruceiro (Vilasobroso)*” (Expte. 2024017422), cuxo orzamento ascende ao mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2025 e xustificado a 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



9.33535.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO PÚBLICO PARA LUDOTECA” (Expte. 2024013062)

- En data 14/12/2023, mediante resolución presidencial núm. 2023009591, concedeuse ao *Concello de Pontearreas* unha subvención nominativa con consignación orzamentaria por importe de 102.815,19 euros co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento e ampliación de edificio público para ludoteca municipal” (2023072362), en base a un orzamento que ascendía a 187.688,56 euros, desagregado do modo seguinte:
 - o Execución obra: 178.837,41 €
 - o Redacción proxecto: 5.384,50 €
 - o Dirección obra : 2.311,10 €
 - o Coordinación de Seguridade e Saúde: 1.155,55 €

Así mesmo, na devandita resolución establecíase que o Concello asumía o co-financiamento do importe que ascendía a 84.873,37 €.

- Pola súa banda, o Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo nº4.8103, acordou aprobar as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024*”, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº2 do 03/01/2024.
- Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 23/02/2024, mediante rexistro WEB2024011627, (corrixida en datas 04/03/2024 mediante rexistro WEB2024014189 e 06/03/2024 mediante rexistro WEB2024015559) formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Pontearreas na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 86.990,87 €, para financiar a achega municipal ao investimento “Acondicionamento e ampliación de edificio público para ludoteca municipal” (Expte.2024013062). A subvención solicitada ten por obxecto financiar os 84.873,37 € da achega municipal que se recollía na resolución núm. 2023009591, de 14/12/2023, máis a dirección de execución do investimento, que ascende a 2.117,50 €, e que non estaba contemplada inicialmente.



- Consta no expediente o certificado do Secretario Xeral do Concello relativo á titularidade do inmovible e respecto da competencia do Concello na prestación dos servizos municipais que se desenvolverán na ludoteca.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a devandita base 1ª permite aos Concellos destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan a financiar as achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF: P3604200J, unha subvención por importe de 86.990,87 € co obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “*Acondicionamento e ampliación de edificio público para ludoteca*” (Expte.2024013062), cuxo orzamento ascende a 189.806,06 €, desagregado do modo seguinte:
 - o Execución material:178.837,41 €
 - o Honorarios redacción proxecto:5.384,50 €
 - o Honorarios dirección :2.311,10 €
 - o Honorarios de coordinación de seguridade e saúde:1.155,55 €
 - o Honorarios dirección de execución:2.117,50 €

O importe que resta ata completar a totalidade do orzamento, é dicir, 102.815,19 €, finánciase mediante a subvención nominativa con consignación orzamentaria concedida por resolución presidencial núm. 2023009591 de 14/12/2023, e modificada en data 18/03/2024 por resolución presidencial núm. 2024002265.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo; se ben posteriormente xerarse crédito na aplicación que corresponda e realizáranse as oportunas operacións en formalización. Así mesmo, a presente concesión queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Política Social e Xuventude.
- Conforme a base 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, a subvención rexeráse polas normas do Plan que se co-financia, polo que a licitación, execución e xustificación do investimento subvencionado suxeitaráse ás normas reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, (exercício 2023), cuxas bases foron aprobadas por acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>).
- O investimento subvencionado deberá estar executado a 31/12/2024 e xustificado a 31/03/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



10.33536.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN E MELLORA ESTRADA DO OUTEIRO DE REBORDA, REBORDA, REDONDELA” (Expte. 2024008743)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

No marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1-Investmentos, mediante acordo de Xunta de Goberno 15.32273 do día 17/02/2023, concedéuselle ao concello de Redondela unha subvención por importe de 202.840,24 euros, con obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación e mellora estrada do Outeiro de Reboreda, Reboreda, Redondela” expediente 2023005507. Posteriormente o Concello de Redondela desiste de dita subvención e solicita un cambio de finalidade; mediante Resolución Presidencial, número 2023007338 de data 28/09/2023, se acepta a desistencia total á subvención concedida e o crédito dispoñible por mor da desistencia se aplica ao financiamento de parte da achega municipal ao Programa PON2030.

En data 09/02/2024, mediante rexistro WEB2024008000, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de REDONDELA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 202.840,24 €, co obxecto do financiamento do investimento “Pavimentación e mellora estrada do Outeiro de Reboreda, Reboreda, Redondela”, cuxo orzamento ascende 202.840,24 €, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
202.840,24	202.840,24	0,00	0,00

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar, así como o informe do técnico municipal sobre as afeccións sectoriais, indicando que é preciso solicitar informe a AQUALIA ó proxectarse o enlace con instalacións da súa competencia. O Concello achega o informe favorable de AQUALIA.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición..
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 14/03/2024 e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 15/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Redondela* (CIF:P3604500C), ao abeiro do Plan + Provincia 2024 liña 1_Investmentos, unha subvención por importe de 202.840,24 € con destino ao financiamento do investimento “*Pavimentación e mellora estrada do Outeiro de Reboreda, Reboreda, Redondela*” (Expte.2024008743)”, cuxo orzamento ascende 202.840,24 €, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
202.840,24€	202.840,24€	0,00€	0,00€



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo
- O Concello deberá cumprir co establecido no informe favorable emitido polo xefe do servizo da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de Redondela (AQUALIA)
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Redondela*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.33537.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS “MELLORA DE INSTALACIÓNS TÉCNICAS DAS PISCINAS MUNICIPAIS. FASE III” (Expte. 2024016496)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do *Concello de Salceda de Caselas* o importe que lle corresponde é de 66.593,65 €.



En data 07/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024015843), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Salceda de Caselas, emendada na data 11/03/2024, (núm. rexistro 2024004485), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 66.593,65 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “*Mellora de instalacións técnicas das piscinas municipais. Fase III*”, cun orzamento de 139.946,05€, desagregado en 131.448,47 € de execución de obra e 8.497,58 € de honorarios (5.948,36 € de redacción do proxecto e 2.549,22 € de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde). O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 73.352,40 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 08/03/2024 (CSV: YW8C16A12JU8N7CT).

O 12/03/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: KL5Z82P62IHYKA00) e na data 14/03/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: GT3QW1ZMHFF601HF).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID).



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

REXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salceda de Caselas*, CIF P3604900E, a cantidade de 66.593,65 € con destino ao financiamento do investimento “Mellora das instalacións técnicas das piscinas municipais. Fase III” ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento subvencionable de 139.946,05 €, desagregado en orzamento de execución de obra por importe de 131.448,47 € e honorarios por importe total de 8.497,58 € (5.948,36 € de redacción do proxecto e 2.549,22 € de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde) e unha achega municipal de 73.352,40 €, que se solicitou a través do Plan + Provincia 2024, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN (PEID)	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS (PLAN + PROVINCIA 2024)
139.946,05€	66.593,65€	73.352,40€

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Salceda de Caselas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



12.33538.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “URBANIZACIÓN DA RÚA CONDESA E ÁREAS DE ESTACIONAMENTO EN BARRANTES (CONCELLO DE RIBADUMIA)”. (Expte.2023056043)°

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9506 Barrantes-Vilariño, que transcorre polo *Concello de Ribadumia*.

Resultando.- Que o treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que a E.P. 9506 é unha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cuxa zona de actuación está situada integramente no *Concello de Ribadumia*. Ao longo do treito atopamos unha sección con dobre sentido de circulación e beirarrúas estreitas en ambas marxes (*a excepción dos últimos cen metros da zona de actuación na marxe esquerda que presenta unha cuneta*) sen prazas de estacionamento e con beiravías entre a zona de calzada e as beirarrúas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que preténdese mellorar as condicións de seguridade e mobilidade mediante a urbanización da Rúa Condesa (treito inicial da EP-9506 do P.Q. 0+115 ao P.Q. 0+420) e a execución das áreas de estacionamento nas parcelas anexas ao viario indicadas nos planos, situados na contorna do conxunto educacional e deportivo que conforman os edificios do núcleo urbano de Barrantes.

Resultando.- Que con data 4 de setembro de 2023 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Ribadumia*, convenio de colaboración par a execución do “*Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento. Barrantes*”, por importe de 704.482,97 €

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e *Concello de Ribadumia* mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	493.138,08 €	70
Concello de Ribadumia	211.344,89 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	704.482,97 €	100



Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo arquitecto *Manuel Tanoira Carballo* adscrito á empresa Brota Arquitectura, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”, cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE incluído.. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto de data 12 de xuño de 2023 asinado polo enxeñeiro de proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Jaime Ruibal de Sola, onde se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e a avaliación ambiental CSV: V17ILKCPRGO1GYLW.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 704.482,97 €, con número de operación 202300153061 con cargo á aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20/10/2023 acordou o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”, redactado polo arquitecto Manuel Tanoira Carballo adscrito á empresa Brota Arquitectura, cun orzamento base de licitación de 704.482,97 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XI7HKA17CQFV4SP3.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/12/2023 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da obra “*Urbanización da Rúa Condese e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” cun orzamento base de licitación de 704.482,97 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante



da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 01/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goión, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+Urbanización da Rúa Condosa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- VILARIÑO ESP, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, *D. Francisco Alonso Fernández*, con data 19/02/2024, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación Sobre “A”
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	2,00	20,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	1,00	13,00
ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	2,00	24,00
VILARIÑO ESP, S.L.	14,00	1,00	15,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 22/02/2024 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 19/02/2024, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	546.061,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	540.297,69 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	534.184,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	546.119,86 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	525.975,14 €	3%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	577.093,82 €	3%	36 MESES	SI	NO
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	569.990,77 €	3%	36 MESES	SI	SI
VILARIÑO ESP, S.L.	548.973,80 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.-Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/03/2024, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	SOBRE "B"				Puntuación Sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	21,08	5,00	5,00	5,00	36,08
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,12	5,00	5,00	5,00	39,12
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	27,35	5,00	5,00	5,00	42,35
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	21,05	5,00	5,00	5,00	36,05
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	3,04	5,00	5,00	2,50	15,54
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	7,26	5,00	5,00	5,00	22,26
VILARIÑO ESP, S.L.	19,55	5,00	5,00	5,00	34,55



Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Urbanización da Rúa Condosa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre “A”	Puntuación sobre “B”	Puntuación total
1	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	42,35	67,35
2	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	25,00	39,12	64,12
3	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L-TRAUXIA, S.A.	23,00	36,08	59,08
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	20,00	36,05	56,05
5	VILARIÑO ESP, S.L.	15,00	34,55	49,55
6	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	24,00	22,26	46,26
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	13,00	15,54	28,54

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Urbanización da Rúa Condosa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” á empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., por un importe de 646.363,12 € € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886), figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 26.709,22 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 15/03/2024 con número de operación 202400068119.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...*Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.* (B81470841), do “*Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona centro)*”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio de expediente, á empresa *Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.*, para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Urbanización da Rúa Condessa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”, por un importe estimado de 6.231,50 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención con (CSV) G3S2YWWY4LJE9AYO no que se recolle que na aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2023006000, existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202300217710.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa *Movimientos de Aridos y Construcciones de Arasa, S.L.*, pois a súa oferta contén valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.



2. Adxudicar á empresa *Construccions Obras e Viais, S.A.* (CIF A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*”, por un importe de 646.363,12 €, IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	534.184,40 €
IVE (21%)	112.178,72 €
Importe Total.....	646.363,12 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DEZ (10) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2023056043.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

4. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra “*Urbanización da Rúa Condesa e áreas de estacionamento en Barrantes (Concello de Ribadumia)*” (Expte 2023062666) , por un importe de 6.231,50 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	5.150,00 €
IVE (21%).....	1.081,50 €
Importe Total.....	6.231,50 €



Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2023062666.

13.33539.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DO LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DE VIRTUALIZACIÓN VMWARE PARA A NOVA INFRAESTRUTURA DE SERVIDORES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.
(Expte.2023055648)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 22/12/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da Subministración do licenciamento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 03/01/2024. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 01/02/2024 procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas.

A Mesa de Contratación, na súa reunión de data 08/02/2024, acordou facultar ó Secretario da mesma para que practicase o correspondente requirimento á empresa KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (A81069197) no referente á validez da súa oferta, sendo contestado mediante comunicación de data 14/02/2024 (REX_WEB2024008873), declarando a retirada da súa oferta do procedemento (CSV: 64EDVD24S04HWVZ3) A continuación, procedeuse á valoración da única oferta económica, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas, obtendo INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602) a maior puntuación.

Unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/02/2024, acordou aprobar dita clasificación e, en base á mesma, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor de INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001659, de data 27/02/2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2024016566 de data 11/03/2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.287,50 € (carta de pago núm. operación 202400065777, de data 12/03/2024).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *Konica Minolta Business Solutions Spain, S.A.* (A81069197), en base á comunicación emitida pola mesma, de data 14/02/2024, (REX_WEB2024008873), na que declara a retirada da súa oferta do procedemento (CSV: 64EDVD24S04HWVZ3).

2.- Adxudicar o contrato de “*Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra*”, á empresa *Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.* (B62758602), polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo ofertado sen IVE:	165.750,00 €
IVE (21%):	34.807,50 €
Prezo ofertado total:	200.557,50 €

O contrato terá un prazo de duración de 3 anos dende a data de formalización do mesmo, a partir da cal producirase o inicio de activación das licencias e o pleno acceso ás mesmas., sen preverse prórrogas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2024 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/926.9260.641.00 do vixente orzamento provincial, e as dos anos 2025 e 2026, contabilizarase nas correspondentes aplicacións que serán, no seu caso, a 25/926.9260.641.00, e a 26/926.9260.641.00, respectivamente, quedando condicionado o gasto á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pagamento realizarase coa presentación da correspondente factura anual no comezo de cada anualidade, previa conformidade polo servizo xestor da recepción e acceso ás licencias que son obxecto do contrato.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023055648	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

14.33540.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE TRATAMENTO, IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓN XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA –ORAL”. (Expte. 2023059720)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria na sesión do día 11 de novembro de 2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificación xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra -Oral, así como a súa entrega ao operador postal.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 12 de decembro de 2023. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28/12/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa, presentado polas empresa licitadoras:

- Formato3 Servicios de Publicidad y Marketing, S.A.
- GUREAK MARKETING S.L.U
- MailTecK, S.A.
- Telemail, S.L.
- MAILING ANDALUCIA
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS SA SME
- CONSORCIO DE MANIPULADO Y SERVICIOS POSTALES, S.I

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentado polas empresas que resultan admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Oral.

Recibido informe do técnico do Oral, Félix Torres Cancela, de data 12/02/2024 (csv: MJ3OPRN7Y1WECTMJ), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 22/02/2024, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que participan no procedemento aberto e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas Mailteck S.A. e Consorcio manipulado e servicios postales S.L. se recollen no certificado da Mesa de contratación de data 22/02/2024. (csv B1NS7UL9PMCJ0RME).

Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións no sobre C son as seguintes:

	Prezo	Prazo	Cert ISO 27001	Cert ISO 14001	Total sobre C
Consortio manipulado	35	14	6	5	60
Mailteck	32,48	13	6	5	56,48



As puntuacións do sobre B máis o sobre C son as seguintes:

	Consortio Manipulado	Mailteck
TOTAL PUNTUACION B <i>(Ata un máx. de 40 puntos)</i>	31	20
TOTAL PUNTUACION C <i>(Ata un máx. de 60 puntos)</i>	60	56,48
TOTAL B+C	91	76,48

A Mesa de contratación na súa reunión de data 29/02/2024 acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión das empresas TELEMAIL, SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, FORMATO3 SERVICIOS DE PUBLICIDADE Y MARKETING, por que non acadan a puntuación mínima de 20 puntos, ademáis as empresas SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, FORMATO3 SERVICIOS DE PUBLICIDADE Y MARKETING, MAILING ANDALUCÍA S.A.E GUREAK MARKETING SLU, inclúen no sobre B, documentación que intúe a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático, incumprindo o establecido na cláusula 7 d) do PCAP, que especifica que *“Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre C). O incumplimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.”*

Asimesmo a Mesa aproba a clasificación das ofertas presentadas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Consortio manipulado e servicios postales S.L. (B-92.621.762) que acadará a maior puntuación total.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001757 de data 1/03/2024, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Consortio manipulado e servicios postales S.L. (B-92.621.762) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *Consortio manipulado e servicios postales S.L.* (B-92.621.762) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX_WEB202401635, de 10 de marzo de 2024), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 4.955,07 euros (carta de pago núm. operación 202400066795, de data 12/03/2024).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir as empresas *Telemail, Sociedad Estatal Correos y Telegrafos, Formato3 Servicios de Publicidade Y Marketing*, por que non acadan a puntuación mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor, ademais as empresas *Sociedad Estatal Correos y Telegrafos, Formato3 Servicios de Publicidade y Marketing, Mailing Andalucía S.A.E Gureak Marketing Slu*, inclúen no sobre B, documentación que intúe a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático, incumprindo o establecido na cláusula 7 d) do PCAP, que especifica que “Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático (sobre C). O incumplimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.”

2.- Adjudicar o contrato do “*Servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra Oral*”, así como a súa posterior entrega ao operador postal, á empresa *Consortio manipulado e servizos postales S.L.* (B-92.621.762) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado para dous anos de contrato:

Importe sen o IVE:	70.800,00 €
IVE (21 %):	14.868,00 €
Importe total ofertado:	85.668,00 €

- Prazo para a execución dos traballos:

- Prazo de entrega de cartas e/ou notificacións ao operador postal.

1 día laborable	Remesas inferiores a 6.000 cartas/notific	Remesas iguais ou superiores a 6.000 cartas/notific	Remesas identificadas como sancións de tráfico
-----------------	---	---	--

- Prazo para a recepción de mostras dos traballos de impresión desde a remisión do ficheiro por parte desta Deputación: No mesmo día laborable



- Estar en posesión dunha etiqueta que acredite o sistema de xestión da seguridade da información vinculada ao obxecto do contrato UNE-ISO/IEC 27001- Sistemas de xestión da seguridade da información, ou equivalente. SI

- Estar en posesión dunha etiqueta que acredite unha mellora na xestión dos aspectos ambientais vinculada ao obxecto do contrato, norma ISO 14001– Sistemas de xestión medioambiental ou equivalente. SI

E polos prezos unitarios sen IVE seguintes:

modelo A (ordinaria 1 cara)	0,036€
modelo B (ordinario a 2 caras)	0,038€
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,036€
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,040€
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,009€
Impresións adicionais (a apartir da primeira folla)	0,007€

O prazo de duración é de dous anos desde a data de formalización do contrato, establecéndose a posibilidade de 2 prórrogas cunha duración dun ano cada unha delas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación Orzamentaria	Importe total co IVE
2024 (8 meses e 20 días)	24/932.9320.227.06	30.935,67€
2025 (12 meses)	24/932.9320.227.06	42.834,00€
2026 (3 meses e 10 días)	26/932.9320.227.06	11.898,33€
	TOTAL	85.668,00€

Forma de pagamento: parcial (mensual)

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP, debendo facturar o importe correspondente aos albarás de entrega depositados no operador postal e aos prezos unitarios adxudicados, debendo presentar o contratista a preceptiva factura.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2023059720		
Órgano xestor:	LA0006136	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefatura de modernización e procedementos administrativos.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

15.33541.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VIAJES HALCON, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA <EN RUTA COA DEPO 2023>” (Expte.2022062867) (Devogaran 2023073115)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de marzo de 2023 (CSV.- L7K1IP6Q5O6XID1P), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “Xestión, desenvolvemento e execución do programa <EN RUTA COA DEPO 2023>”. (Expte. 2022062867).

Para responder da realización deste servizo, a empresa VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510)	30.801,65€	202300048845	02/03/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico (CSV.- 6MATEWPBAUFG63CZ), no cal informa que a empresa VIAJES HALCÓN, S.A., con NIF núm. A-10005510, cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato, cumprindo estritamente as condicións técnicas exixidas, polo que non se procedeu á aplicación de penalidades.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- TPXY5IJVL7SS3TJT), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil VIAJES HALCON, S.A. (A-10005510), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Xestión, desenvolvemento e execución do programa <EN RUTA COA DEPO 2023>*” (Expte. 2022062867), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CRÉDITO Y CAUCIÓN “*Certificado de seguro de caución nº 4.287.405*”, pola entidade mercantil *VLAJES HALCON, S.A. (A-10005510)*, para responder de dito contrato, por importe de 30.801,65€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 02/03/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300048845.

16.33542.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA *ALQUI-ENVAS, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1 E 3 DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS <DA TÚA MAN>, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E <COMMERCE INSIDE>, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”. (Expte.2022029400) (Devogaran 2023049629)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 12 de agosto de 2022 (CSV.- UQLCX5DSB93GZD5B), adjudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Subministración de zonas de descanso verdes, illas ecolóxicas e sinalética integrada dos proxectos “DA TÚA MAN”, dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización, e “COMERCE INSIDE”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiados pola Unión Europea - NEXT GENERATIONEU (Lotes 1 e 3)*”. (Expte. 2022029400).



Para responder da realización deste servizo e da súa modificación, a empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (B-25335332), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos prezos de adxudicación de ditos lotes, que son os seguintes:

EMPRESA	LOTE	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ALQUI-ENVAS, S.L. (B-25335332)	1	9.951,05€	202200159057	03/08/2022
	3	4.888,00€	202200160139	04/08/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe conxunto conformado polos servizos de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e Turismo Rías Baixas (CSV.- 8JFZW645ZQS568ME), no cal xustifican o cumprimento da subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas (lotes 1 e 3) sen prexuízo do prazo de garantía comentado en dito informe, polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 3231A3V7DC4BN2ZE), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ALQUI-ENVAS, S.L., de garantías definitivas con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración de zonas de descanso verdes, illas ecolóxicas e sinalética integrada dos proxectos “DA TÚA MAN”, dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización, e “COMERCE INSIDE”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiados pola Unión Europea - NEXT GENERATIONEU (Lotes 1 e 3)*” (Núm. Expte. 2022029400), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil ALQUI-ENVAS, S.L. (B-25335332), por resultar adxudicataria dos lotes 1 e 3 dos que estaba composto este contrato, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL* “*Inscrito no Rexistro Especial de Avals co núm. 10001241715*”, por importe de nove mil novecentos cincuenta e un euros con cinco céntimos (9.951,05 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 03/08/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200159057.
- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *BANCO SABADELL* “*Inscrito no Rexistro Especial de Avals co núm. 10001241789*”, por importe de catro mil oitocentos oitenta e oito euros (4.888,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial o 04/08/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200160139.

17.33543.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVA E COMPLEMENTARIA, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA ESPUBLICO, SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (Expte.2020029219) (Devogaran 2022035271)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 02 de decembro de 2022 (CSV.- 27773BCIKZPACG3U), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para as entidades locais da provincia*”. (Expte.2020029219).

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 23 de decembro de 2021 (CSV.- UH81W88KNY60YFRY), aprobouse a “*1ª prórroga do contrato de servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*”, durante o período desde o 11 de marzo de 2022 ó 10 de marzo de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2022 (CSV.- 80ADYP0TPFYJ1YYD), aprobouse a “*2ª prórroga do contrato de servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra*”, durante o período desde o 11 de marzo de 2023 ó 10 de marzo de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 26 de maio de 2023 (CSV.- HKNWQ6T3C0NCBA6C), aprobouse a “*Modificación do contrato do servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para as entidades locais da provincia de Pontevedra*”, que supuxo un reaxuste da garantía definitiva constituída, que pasou de 23.904,96€ á cantidade de 24.483,19€, cunha diferenza no importe de 578,23€.



Para responder da realización deste servizo e da súa modificación, a empresa ESPUBLICO, SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (A-50878842), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación e o equivalente na modificación, que son os seguintes:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESPUBLICO, SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (A-50878842)	23.904,96€	202100016384	27/01/2021
Complementaria	578,23€	202300115967	05/06/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- 1W8EHNSYHIG5PJE9), no cal sinala que *“finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido das garantías esixidas, (...) o que procede é a devolución das mesmas a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...)”*.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- FKU1C8FWGGSQIAR0), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ESPUBLICO, SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (A-50878842), dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe e da súa garantía complementaria, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: *“Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”*.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de *“Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para as entidades locais da provincia”* (Expte.2020029219), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil ESPUBLICO, SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (A-50878842), por resultar adxudicataria de dito contrato e do seu complementario, que son as seguintes:

- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *IBERCAJA*, por importe de vinte e tres mil novecentos catro euros con noventa e seis céntimos (23.904,96 €) *“Inscrita no Rexistro Especial de Avals co número 291930”*, que foi depositada na Tesourería Provincial o 27/01/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100016384.



- A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *IBERCAJA*, por importe de cincocentos setenta e oito euros con vinte e tres céntimos (578,23 €) “Inscrita no Rexistro Especial de Avais co número 310847”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 05/06/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300115967.

18.33544.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA *GESTCONVERT, S.L.*, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS <DA TÚA MAN>, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E <COMMERCE INSIDE>, DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”. (Expte.2022060385) (Devogaran 2023072359)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 13 de xaneiro de 2023 (CSV.- C41MS3OM1XVCAA8L), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade, a contratación da “Subministración de illas ecolóxicas dos proxectos “DA TÚA MAN”, dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización e “COMERCE INSIDE”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATION EU”. (Expte. 2022060385).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *GESTCONVERT, S.L.* (B-94066719), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
<i>GESTCONVERT, S.L.</i> (B-94066719)	14.620,00€	202300031693	21/02/2023

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe conxunto conformado polos servizos de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local e Turismo Rías Baixas (CSV.- 379RN5UPDZXQ4OH1), no cal xustifican o cumprimento da subministración de illas ecolóxicas dos proxectos “Da Túa Man” e “COMMERCE INSIDE”, polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución da garantía definitiva constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 22U1D9TARPHZ7WQE), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *GESTCONVERT, S.L.* (B-94066719), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración de illas ecolóxicas para os proxectos “DA TÚA MAN”, dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización e “Comerce Inside”, dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas*” (Expte. 2022060385), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *GESTCONVERT, S.L. (B-94066719)*, mediante aval de *CAIXABANK*, “*Inscrito no Rexistro Especial de Avais número 9340.03.2560758-54*”, por importe de 14.620,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 21/02/2023, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202300031693.

19.33545.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NA “CONCESIÓN DE AXUDAS A TRAVÉS DA CONVOCATORIA DE 2022 DAS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS NO MARCO DA ORDE TER/836/2022, DE 29 DE AGOSTO, COMPOÑENTE 11 INVESTIMENTO 3, ENMARCADO NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA”. (Exptes. 2023044604, 2022072412, 2022071982, 2022072647, 2022070883)

Primeiro. Mediante a Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, aprobáronse as bases reguladoras e efectuouse a convocatoria correspondente a 2022 das subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE nº 210, do 1 de setembro de 2022). Sendo a Deputación de Pontevedra elixible como beneficiaria para o desenvolvemento dos proxectos que terán como destinatarios os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, estableceuse como período de execución o comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de agosto de 2023.

Segundo. O 1 de xuño de 2023 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local do Ministerio de Política Territorial notificou a resolución de concesión da axuda, en forma de subvención, solicitada pola Deputación de Pontevedra para diferentes proxectos cun importe de concesión de 2.521.745,00 €.



Terceiro. O 5 de xuño de 2023 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local notificou a ampliación do período de execución dos proxectos incluídos na resolución de concesión de axudas da convocatoria de proxectos de modernización e dixitalización na contorna da administración das entidades locais (Orde TER/836/2022, de 29 de agosto) ata o 31 de decembro de 2023 e posteriormente, o 4 de setembro de 2023 notificou a ampliación do período de execución ata o 30 de abril de 2024.

NORMATIVA APLICABLE

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.
- O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, Compoñente 11 investimento 3, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Regulamento de execución (UE) 1011/2014, da Comisión do 22 de setembro, polo que se establecen normas detalladas para a aplicación do Regulamento 1303/2013, no que respecta a os modelos sobre os intercambios de información entre beneficiarios e autoridades de xestión, autoridades de certificación, autoridades de auditoría e organismos intermedios.
- Artigos 32, 86 e demais concordantes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Artigos 172 a 182, 216, 217 e demais concordantes do R. D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL).
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.
- Resolución Presidencial núm. 2017008767, do 8 de maio de 2017, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e os seus organismos dependentes.
- Bases de execución do orzamento desta Deputación Provincial.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 11 da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais e coa resolución de concesión do 31 de maio de 2023 da Secretaría de Estado de Política Territorial, o período de execución do proxecto estará comprendido entre o 1 de febreiro de 2020 e o 31 de agosto de 2023. No mesmo artigo 11 citado anteriormente tamén se recolle a posibilidade de solicitar unha ampliación do período de execución cando existan causas excepcionais que impidan a súa execución no prazo establecido. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución. A Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, observando o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, terá a potestade para prolongar o período de execución ou denegar as solicitudes que se puideron expor. O acordo adoptado non será susceptible de recurso.

Segundo.- En relación co anterior, o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias aconséllano e con iso non se prexudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados.

A este respecto, o 1 de setembro de 2023 desde a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local acórdase estender o período de execución ata a data do 31 de abril de 2024.

Terceiro.- O artigo 7 da citada Orde, indica que para que o gasto sexa financiable será preciso que os produtos e servizos entregáronse e prestado e que o gasto fose abonado dentro do período de execución.

Cuarto.- Actualmente, o fabricante dun dos equipamentos solicitados no proxecto “Provisión de equipamentos e infraestruturas para a modernización e eficiencia nos procesos de traballo dos concellos” non dispón de stock e por tanto non podemos garantir a súa subministración no prazo de execución establecido. Este feito está fóra do noso control como entidade executora.

Quinto.- Así mesmo, o tempo necesario para realizar a tramitación administrativa da recepción dos servizos e subministracións de todos os proxectos incluídos na concesión de axudas da convocatoria indicada e a realización do pago dos mesmos, é un risco para garantir a súa realización no prazo de execución. Por iso, procede solicitar ao órgano competente unha ampliación do prazo de execución.

Visto o informe-proposta do xefe de servizo de Novas Tecnoloxías, de data 18 de marzo de 2024 e a memoria xustificativa de motivación da solicitude, de data 18 de marzo de 2024, con Código Seguro de Verificación (CSV UN6K9QP4NT5UBOOW).



Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Solicitar ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática a ampliación ata o 30 de xuño de 2024 do prazo de execución das actuacións derivadas dos proxectos aprobados na convocatoria de 2022 das subvencións destinadas á Transformación Dixital e Modernización das Administracións das Entidades Locais no marco da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, compoñente 11 investimento 3, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, expedientes nº: 0049-00633453, 0049-00633974, 0049-00633994, 0049-00634027 e 0049-00634036.

20.33546.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CONCELLO DE DOZÓN, PARA O PROXECTO “PLAN DE IGUALDADE PARA O CONCELLO DE DOZÓN”. (Expte. 2023018330)

O concello de Dozón solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Plan de igualdade para o concello de Dozón*” a través da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023, que se leva a cabo desde o Servizo de Igualdade. Esta convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 29 de 10 de febreiro de 2023.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión do 11 de agosto de 2023, concederlle ao *Concello de Dozón* unha achega de 4.235,00 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, a través de escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación, o día 29 de febreiro de 2024, co número de entrada WEB2024013874, presenta renuncia á subvención concedida por importe de 4.235,00 euros para o proxecto de “*Plan de igualdade para o concello de Dozón*” e que se finalice a tramitación do expediente.

Considerando que o órgano competente para a adxudicación destas subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o ano 2023, foi a Xunta de Goberno de conformidade co estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Quedar informada da renuncia do *Concello de Dozón (P-3601600-D)*, presentada no Rexistro electrónico da Deputación, o día 29 de febreiro de 2024, co número de entrada WEB2024013874, relativo á subvención concedida por importe de 4.235,00 €, para o proxecto “*Plan de igualdade para o Concello de Dozón*”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023.



21.33547.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á AGRUPACIÓN ORNITOLÓGICA DEPORTIVA DE SILVESTRISTAS O GROVE, PARA “V CONCURSO ORNITOLÓGICO SOCIEDADES DO NOROESTE”.
(Expte.2023018524)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Expte.2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/2023.

Segundo.- En data 13/03/2023 *Rafael Prol Caneda*, en representación da *Agrupación Ornitológica Deportiva de Silvestristas O Grove* (NIF: G36482024) presenta solicitude para o “V Concurso Ornitológico do Noroeste”, achegando un orzamento da actividade por importe de 7.200,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura a *Agrupación Ornitológica Deportiva de Silvestristas O Grove* (NIF: G36482024) e na contía de 781,78 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 13/03/2024 *Rafael Prol Caneda*, en representación da *Agrupación Ornitológica Deportiva de Silvestristas O Grove* (NIF: G36482024) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola súa imposibilidade de xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 14.03.24 a renuncia presentada pola *Agrupación Ornitológica Deportiva De Silvestristas O Grove* (NIF: G36482024).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.



Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.



En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola *Agrupación Ornitológica Deportiva de Silvestristas O Grove* (NIF:G36482024) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 781,78 € para a realización da actividade do “*V Concurso Ornitológico do Noroeste*” (documento co CSV: 8B7L9BZESAOFKXYI).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

22.33548.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB BÁDMINTON RAVACHOL, PARA “TROFEO CIDADE DE PONTEVEDRA 2023”. (Expte.2023016822)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (expediente 2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/2023.

Segundo.- En data 07/03/2023 *M^a Teresa Castro Calvelo*, en representación do *Club Badminton Ravachol* (NIF:G94146743) presenta solicitude para o “*Trofeo Cidade de Pontevedra 2023*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 3.100,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o *Club Badminton Ravachol* (NIF: G94146743) e na contía de 336,60 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 13/03/2024 *M^a Mercedes Covelo Gallego*, en representación do *Club Badminton Ravachol* (NIF:G94146743) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola súa imposibilidade de xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 15/03/2024 a renuncia presentada polo *Club Badminton Ravachol* (NIF: G94146743).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.



Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Bádminton Ravachol* (NIF: G94146743) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 336,60 € para a realización da actividade do “*Trofeo Cidade de Pontevedra 2023*” (documento co CSV: 3JWDNS9XQE4XMS4U).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

23.33549.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICA, PARA “V TROFEO CONCELLO DE VIGO CARPA-VIQUEIRA”. (Expte. 2023023547)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 24/01/2023 aprobou as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 (Expte.2023001814). Posteriormente, publicáronse no BOPPO núm. 29 do 10/02/2023.

Segundo.- En data 26/03/2023 *M^a Mercedes Covelo Gallego*, en representación do *Club As Rodas Patinaxe Artística* (NIF: G36645091) presenta solicitude para o “*V Trofeo Concello de Vigo Carpa-Viqueira*”, achegando un orzamento da actividade por importe de 3.075,00 €.

Terceiro.- En data 28/07/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 150 de 04/08/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para a organización de campionatos, eventos e actividades deportivas na provincia de Pontevedra para o ano 2023 e no que figura o CLUB AS RODAS PATINAXE ARTÍSTICA (NIF: G36645091) e na contía de 333,38 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 13/03/2024 *M^a Mercedes Covelo Gallego*, en representación do *Club As Rodas Patinaxe Artística* (NIF:G36645091) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola súa imposibilidade de xustificación.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 15/03/2024 a renuncia presentada polo *Club As Rodas Patinaxe Artística* (NIF: G36645091).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club As Rodas Patinaxe Artística* (NIF: G36645091) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 333,88 € para a realización da actividade do “*V Trofeo Concello de Vigo Carpa-Viqueira*” (documento co CSV: G4CB0QJXMPVGMUQR).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

24.33550.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Ó CLUB NÁUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO, PARA “ÁMBITO INFERIOR AO ESTATAL (MOTONÁUTICA)”. (Expte. 2023018468)

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 27/01/2023 aprobou as bases reguladoras de subvencións para a “*Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023*” (acordo 3.32143) publicadas no BOPPO núm. 42 de 1 de marzo de 2023.

Segundo.- En data 14/03/2024 *Marcos Casaleiro Pousadela*, en representación do *Club Náutico Inclusivo Baixo Miño* (NIF: G72660277) presenta solicitude para o “*ámbito inferior ao estatal na modalidade de motonáutica*”, achegando un orzamento por importe de 3.081,72 €.

Terceiro.- En data 14/11/2023 procédese á publicación no BOPPO núm. 220 de 15/11/2023 a relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2023 e no que figura o *Club Náutico Inclusivo Baixo Miño* (NIF: G72660277) e na contía de 810,20 € para a subvención solicitada.

Cuarto.- En data 14/03/2024 *Marcos Casaleiro Pousadela*, en representación do *Club Náutico Inclusivo Baixo Miño* (NIF: G72660277) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida motivada pola imposibilidade da súa xustificación.



Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 15/03/2024 a renuncia presentada polo *Club Náutico Inclusivo Baixo Miño* (NIF: G72660277).

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa



aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo *Club Náutico Inclusivo Baixo Miño* (NIF: G72660277) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 810,20 € para a realización “*ámbito inferior ao estatal (motonáutica)*” (documento co CSV WIIX0PQAKRUPHD84).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

25.33551.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DAS CERTIFICACIÓNS NÚM.9 E NÚM. 10 DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO-A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+430 (CONCELLO DE VIGO)”. (Expte. 2022062300)

Resultando.- Que por Resolución número 2023002343 de data 21/03/2023 adxudicouse empresa NAROM, SL (NIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” por un importe de 221.113,57 €, e un prazo de execución de CINCO (5) MESES.

Resultando.- Que con data 09/05/2023 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 09/10/2023.

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023008083 de data 27/10/2023 concedeuse á empresa NAROM, SL, unha ampliación do prazo de execución de CORENTA E CINCO (45) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 23/11/2023.



Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2023009538 de data 14/12/2023 concedese á empresa NAROM, SL unha nova ampliación do prazo de execución de SESENTA (60) DÍAS, no contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 22/01/2024.

Resultando.- Que consta no expediente informe do director de obra (CSV: OHLHD5U79HU0ZQGZ) no que se recolle que a dirección facultativa considera que as causas de demora que alega o contratista non son imputables a el, toda vez que ven derivada por causas meteorolóxicas e polo esgotamento na canteira do afloramento da pedra da cor empregada na obra para que sexa homoxénea por motivos estéticos e patrimoniais, sendo restablecido o subministro o 6 de marzo de 2024. Así mesmo, fai constar que non se puido tramitar unha paralización ou prórroga do contrato por estar o prazo vencido dende o 22/01/2024.

Resultando.- Que remitidas ao servizo de Intervención as solicitudes de fiscalización das certificacións núm. 9 e 10, este devólveas informadas en datas 13 e 14 de marzo do 2024, respectivamente, concluíndo en ambos informes que “dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”. Así mesmo, fai constar en ambos informes que “*En aras dunha maior transparencia na xestión o presente convenio debería publicarse no BOPPO*”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ao Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

- Certificacións núm. 9 e 10 da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación Núm.	Importe
NAROM, SL” (NIF B36163418)	24/456-4530-612.02.2022	9	49.305,48 €
		10	88.206,37 €
		SUBTOTAL	137.511,85 €
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	9	1.369,69 €
		10	2.450,35 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	9	1.085,22 €
		10	1.941,43 €
		Total descontos	6.846,69 €
	Líquido a percibir	9	46.850,57 €
		10	83.814,59 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR			130.665,16 €



26.33552.- AUTORIZACIÓN DO COMPROMISO DO GASTO E O RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 4006 PONTEAREAS-AS NEVES, DO PQ 12+080 AO PQ 12+560 (CONCELLO DAS NEVES)”. (Expte. 2022068472)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9/06/2023 acordou adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ, SL” (NIF B36816189) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 Ponteareas-As Neves, do PQ 12+080 ao PQ 12+560 (Concello das Neves)*”, por un importe de 247.516,16 € (IVE incluído) e un prazo de execución de seis (6) meses.

Resultando.- Que con data 20/06/2023 formalízase a acta de comprobación de replanteo, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/12/2023.

Resultando.- Que consta no expediente a acta de recepción favorable con data 22/01/2024.

Resultado.- Que o representante da administración en data 09/02/2024 emite un informe ampliatorio sobre a comprobación material do investimento desfavorable da obra.

Resultando.- Que o contratista en data 01/03/2024 achega pola sede electrónica a certificación FINAL.

Resultando.- Que o director da obra emite con data 04/03/2024 informe xustificativo dos excesos de medición e partidas alzadas da obra.

Resultando.- Que remitida ao servizo de Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, esta devólvea informada en data 15/03/2024, concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extrajudicial de crédito*”. Así mesmo, recolle neste informe o seguinte:

“Consta no expediente informe ampliatorio desfavorable do representante da Intervención sobre a comprobación material do investimento no que pon de manifesto o non cumprimento dalgunhas condicións que marca a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (CSV: F2BAVFT127Y2XYQL).

Debido á demora en recepcionar a obra (as obras remataron o 30/11/23 e a acta de recepción é do 22/01/24) resulta imposible o cumprimento do prazo establecido para a aprobación da certificación final (art. 243 Lei 9/2017).

O convenio asinado entre o Concello das Neves e a Deputación de Pontevedra establece que a Deputación asume o 80% dos gastos e o concello o 20%. Debido a que a baixa de adxudicación é menor que os excesos de medición e non resulta suficiente o importe da baixa para financiar o total da certificación final, e conforme á cláusula cuarta do convenio, o concello deberá ingresar á Deputación o 20% do importe que non cubre a baixa, ou sexa, 1.755,21€ (20% de 8.776,03€)”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación FINAL “*Mellora da mobilidade peonil na EP 4006 Pontearreas-As Neves, do PQ 12+080 ao PQ 12+560 (Concello das Neves)*”, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicacións orzamentarias	Certificación Núm.	Importe
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRÓ, SL (NIF B36816189)	24/456-4530-612.02.2023	FINAL	19.654,44 €
SUBTOTAL			19.654,44 €
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)			545,99 €
Control de calidade (3% PEM licit.)			427,49 €
Total descontos			973,48 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR			18.680,96 €

Segundo.- Repercutir e liquidar ao *Concello de As Neves* a cantidade de 1.755,21 €, correspondente ao 20% da contía non cuberta pola baixa de adjudicación dos excesos de medición incluídos na certificación FINAL desta obra.

Terceiro.- Notificar esta resolución aos interesados.



27.33553.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(Exptes. 2024017300 e 2024017295)

a) Vista a relación de facturas con número 2024017300, que contén 5 facturas e por un importe de 1.052,99€, e con CSV: 8HCMMW7YCLO7HCYI, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/03/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	1.052,99€€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	1.052,99€€

b) Vista a relación de facturas con número 2024017295, que contén 15 facturas e por un importe de 28.639,70€ e con CSV: ENDPZRPVWE3HYQTL, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 12/03/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	28.639,70€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	28.639,70€



28.33554.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE POIO. (Expte. 2023016170)

Dada conta que con data de rexistro 06/03/2023 (rex. núm. 2023004917) o Concello de Poio remite a esta Deputación, por tratarse dunha estrada de titularidade provincial, o expediente de responsabilidade patrimonial tramitado a instancia de *D. Daniel Muñoz Ruiz*, que actúa en representación de *D. Manuel Bouzada Padín*, por danos en motocicleta por mor dunha caída, o día 25/08/2022, a consecuencia, segundo manifesta, dun charco de auga na rúa Pereiro de Abaixo, procedente dunha tubaxe municipal rota, e que foi cuantificada economicamente en 1.434,95 €.

Resultando.- Que no decreto de inadmisión a trámite da solicitude de responsabilidade patrimonial, ditado polo Concello de Poio, recóllese que o enxeñeiro municipal, na data 01/03/2023 emite informe no que se contén que *“Xirada visita á zona onde se ocasionaron os presuntos danos, comprobouse que a rúa non está dotada de rede de abastecemento municipal. A auga que emanou na rúa posiblemente fora causada por unha traída particular (...) existen diversas traídas veciñais na zona, non tendo o Concello coñecemento do trazado destas traídas”*.

Resultando.- Que con data 10/03/2023 e 30/03/2023, requiriuse ó interesado para que, de conformidade co disposto nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, subsanara a instancia do xeito que se relaciona a continuación:

- Aportando poder de representación de *D. Manuel Bouzada Padín*.
- Achegando certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado no fora indemnizado a consecuencia deste sinistro.
- Aclarando a contía reclamada, pois na instancia cuantifícase en 1.435,95 € e na peritación aportada figura a cantidade de 1.434,95 €.


Resultando.- Que con data 12/04/2023 remite escrito no que aclara que a contía reclamada é a de 1.434,95€, achegando poder notarial outorgado a favor de *D. Daniel Muñoz Ruiz* e certificado de Axa Seguros que recolle o seguinte:

“Por la presente certifico que AXA SEGUROS no ha abonado cantidad alguna como consecuencia de los daños materiales sufridos por el vehículo 6144HVJ tras el siniestro de fecha 25/08/2022, y no se van a abonar dichos daños ya que la garantía de la póliza es a terceros”.



Resultando.- Que con data 04/05/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 16/06/2023, co seguinte contido:

PRIMEIRO. - A estrada provincial EP-0604 C-550-CASALVITO-PEREIRO forma parte do inventario da rede provincial.



Unha vez rebrandexado o lugar obxecto da reclamación este correspóndese co punto quilométrico 1+000 do vial provincial.



SEGUNDO.- O estado óptimo do firme así como a correcta evacuación das augas pluviais favorecida pola pendente da estrada non permiten concluír a que se pode deber a presenza de auga na estrada.



Como se pode apreciar, no firme non se pode existe reparación por avaria ou calquera outro motivo que puidera afectar as redes existentes, polo que o verquido tivo que ter carácter puntual e ser de escasa entidade xa que non provocou danos apreciables na infraestrutura.

TERCEIRO.- Non se tivo coñecementos dese accidente nin de outros similares nas datas próximas á sinalada. Dende o ano 2021 non existe ningún aviso nin incidencia na estrada provincial nin por ese ni por ningún outro motivo.

CUARTO.- A estrada está sinalizada horizontal e verticalmente para unha velocidade máxima de 30 km/h.





María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 10/07/2023, o Concello de Poio traslada a esta Deputación Decreto polo que inadmite a trámite, por falta de lexitimación pasiva, a solicitude de responsabilidade patrimonial formulada por Axa Seguros Generales, S.A., “en concepto de gastos médicos pagados ó seu asegurado D. Manuel Bouzada Padín, como consecuencia, supostamente, dos danos físicos sufridos o día 25/08/2022 polo condutor do vehículo Honda CBF 125, matrícula 6144 HVJ, nun accidente por saída da vía na rúa Pereiro de Abaixo, Poio, a causa dun charco de auga procedente dunha tubaxe municipal rota”.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2024001674 de data 27/02/2024, e de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, acumuláronse ambos procedementos ó gardaren identidade de razón por tratarse do mesmo sinistro, reclamando a entidade aseguradora Axa a contía correspondente ós gastos médicos (735,14 €) e o propietario da motocicleta os danos materiais ocasionados(1.434,95 €).

Resultando.- Que con data 27/02/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación para que informaran da última revisión da estrada antes de producirse o sinistro, remitindo o mesmo na data 07/03/2024 co seguinte contido:

INFORME DA FRECUENCIA NA REVISIÓN PERIÓDICA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS

- *Recorrido vixiante de zona: unha vez á semana*
- *Recorrido brigada responsable: unha vez cada 2/3 semanas*

Todo isto ao marxe das incidencias e emerxencias rexistradas polo servizo.

O vixiante de estradas responsable da zona de Pontevedra, Manuel Mongán Rey declara que o mesmo luns 22 de agosto recorreu a estrada EP-0604, dentro da súa inspección semanal.

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro



Resultando.- Que con data 05/03/2024, requiriuse a D. Juan Antonio Armenteros Cuetos, representante de Axa Seguros, para que no prazo de cinco días aclarara a motivo polo que, tendo sido achegada por D. Manuel Bouzada Padín certificación feita pola aseguradora na que deixaba constancia de que o seu asegurado non foi indemnizado por este sinistro, reclama Axa a cantidade de 735,14 € desembolsada con motivo do mesmo.

Resultando.- Que con data 12/03/2024, recibíuse nesta Deputación escrito de D. Juan Antonio Armenteros Cuetos no que manifesta o seguinte:

1. *Que esta parte ha recibido un requerimiento, en fecha 5 de marzo de 2024, por el que se requiere a esta parte que aclare el motivo del pago de los gastos médicos que se reclaman siendo la póliza contratada por el asegurado una póliza a terceros.*
2. *Que, de conformidad con lo requerido y dentro del plazo concedido al efecto, procede dar cumplimiento a dicho requerimiento. La póliza contratada por Don Manuel Bouzada Padín es una póliza a terceros para la cobertura de daños materiales de la motocicleta asegurada, pero, tal y como consta en la póliza aportada con la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por esta parte, una cosa son los daños materiales y otra muy distinta las lesiones. Dando una lectura a la póliza contratada por Don Manuel, podemos observar que en cuanto a los gastos de curación (página 12) se establece que “Con motivo de un accidente de circulación del vehículo asegurado, la Entidad Aseguradora asume los gastos médicos y farmacéuticos destinados a la curación de las lesiones personales sufridas por el Asegurado, excluyendo gastos médicos de naturaleza distinta.”*

Considerando.- Que no presente procedemento seguíuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, do Título Preliminar da Lei 40/2015, referido á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á demora na emisión de informes e na contestación ós requirimentos realizados.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado, nin dilixencias policiais de intervención no accidente, nin sequera o traslado ó hospital en ambulancia, xa que o accidentado acudiu a urxencias polos seus propios medios, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal os informes do Servizo de Infraestruturas constitúense coma elemento de xuízo idóneo, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.



Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención.”

E a teor do artigo 218 do citado texto:

“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso.”

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- O enxeñeiro municipal de Poio manifesta que, non habendo rede de abastecemento, a auga que emanou na rúa posiblemente fora causada por unha traída particular, xa que existen diversas traídas veciñais na zona.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas, o firme atopábase en estado óptimo, e no lugar prodúcese unha correcta evacuación das augas pluviais favorecida pola pendente da estrada.
- O accidente tivo lugar a plena luz do día, polo que de existir o citado charco na vía, este sería perfectamente visible.
- No firme non existe reparación por avaria ou calquera outro motivo que puidera afectar ás redes existentes, polo que o vertido tivo que ter carácter puntual e ser de escasa entidade xa que non provocou danos apreciables na infraestrutura.
- Non se tivo coñecemento dese accidente nin de outros similares nas datas próximas á sinalada, sendo que desde o ano 2021 non existe ningún aviso nin incidencia na estrada provincial nin por ese motivo ni por ningún outro.
- A estrada está sinalizada horizontal e verticalmente para unha velocidade máxima de 30 km/h.
- Consta no expediente que o condutor da motocicleta accidentada, D. Emilio Baqueiro Bouzada, de 17 anos de idade, tiña na data do sinistro escasos seis meses de carné.
- Non houbo mais accidentes por esta causa.
- A revisión periódica da vía realízase unha vez á semana, sendo que o luns 22 de agosto o vixiante responsable da zona recorreu a estrada dentro da súa inspección semanal.

Considerando.- Que de ter acontecido o accidente tal e como relata o reclamante, pois non existe proba ou indicio ningún aportado ó expediente, as circunstancias recollidas no anterior *Considerando* farían descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade no condutor da motocicleta, pois parece bastante improbable que circulando á velocidade máxima de 30 km/h sinalada na vía, se tivera producido o accidente. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias*



condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurran en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidade moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

g) Al circular por pavimento deslizante o cuando pueda salpicarse o proyectarse agua (...) a otros usuarios de la vía”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...”

Artigo 18.1: “...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”

Artigo 132.1: “...Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...”

Considerando.- Que consta no expediente a idade do condutor da motocicleta, 17 anos, con escasos 6 meses de experiencia na condución, o que incide dun xeito indubitado na falta de previsión dos posibles riscos que esta entraña.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13



e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que non houbo outros accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación

29.33555.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)” (Expte.2024002472)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

A cantidade máxima que o *Concello de Arbo* pode destinar a liña 3-activación do emprego 2024 ascende a 98.143,83 €.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 2 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33406, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do *Concello de Arbo*, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE ARBO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses; 8 peóns forestais, 2 operarios de servizos xerais e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	101.455,13 €	97.832,81 €	3.622,32 €	97.832,81 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024017393 do 14/03/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de variar o importe da subvención solicitada como consecuencia do incremento dos custes salariais tras a aprobación da subida do salario mínimo interprofesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25^a.1^a das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza.



CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a aprobación da subida do salario mínimo interprofesional que implica un incremento dos custes salariais inicialmente previstos, o interesado solicita modificar o importe do orzamento, o importe a cofinanciar e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE ARBO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
13	<i>1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses; 8 peóns forestais, 2 operarios de servizos xerais e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	107.126,77 €	104.513,84 €	8.982,94 €	98.143,83 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 2 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33406, no referente á subvención concedida ó *Concello de Arbo*, CIF núm. P3600100F, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Arbo (P3600100F)	13	<i>1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses; 8 peóns forestais, 2 operarios de servizos xerais e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	98.143,83 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.



Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 1K6KG13XED13XTIU) e do informe de Intervención (CSV: B5VLWQYYKJ6H6UND), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 2 de febreiro de 2024, punto núm. 5.33406, no referente á subvención concedida ó *Concello de Arbo*, CIF núm. P3600100F, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Arbo (P3600100F)	13	1 peón forestal en xornada de 30 h./sem. durante 7 meses; 8 peóns forestais, 2 operarios de servizos xerais e 2 axudantes de tarefas de axuda no fogar en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses	98.143,83 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

30.33556.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE OLA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)” (Expte.:2024005379)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024, punto núm. 11.33444, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



No caso do Concello de Oia, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE OIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 10 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses</i>	102.463,76 €	102.463,76 €	645,13 €	101.818,63 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024016229 do 08/03/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado polo incremento da cotización empresarial a Seguridade Social e pola necesidade de modificar a duración do posto de condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista), dada a imposibilidade de realizar a contratación na data prevista inicialmente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25^a.1^a das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza.



CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a solicitude de subvención ás novas circunstancias e necesidades de contratación debido á imposibilidade de cumprir a duración prevista para o condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) e ó incremento da cotización empresarial a Seguridade Social, o interesado solicita modificar a duración dunha contratación, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE OIA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses</i>	102.217,99 €	102.217,99 €	399,36 €	101.818,63 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 9 de febreiro de 2024, punto núm. 11.33444, no referente á subvención concedida ó Concello de Oia, CIF núm. P3606000B, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Oia (P3603600B)	7	<i>1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses</i>	101.818,63 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: S3A9T48KWRR6SQPB) e do informe de Intervención (CSV: QT4PK8285DQBOKQ1), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 09/02/2024, punto núm. 11.33444, no referente á subvención concedida ó *Concello de Oia*, CIF núm. P3603600B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Oia (P3603600B)	7	1 condutor/a operador/a de maquinaria forestal (tractorista) a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 8 meses e 2 albaneis a xornada completa durante 7 meses	101.818,63 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

31.33557.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DO ROSAL AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A “ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3)”. (Expte.2024004516)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

A cantidade máxima que o *Concello do Rosal* pode destinar a liña 3-activación do emprego 2024 ascende a 124.291,37 €.



Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 9 de febreiro de 2024, punto núm. 16.33449, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do Concello do Rosal, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 3 oficiais de obras e 4 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses</i>	126.204,22 €	123.222,22 €	2.982,00 €	123.222,22 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024013306 do 28/02/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de variar o importe da subvención solicitada como consecuencia do incremento dos custes salariais tras a aprobación da subida do salario mínimo interprofesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de



Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a aprobación da subida do salario mínimo interprofesional que implica un incremento dos custes salariais inicialmente previstos, o interesado solicita modificar o importe do orzamento, o importe a cofinanciar e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DO ROSAL					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
9	<i>1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 3 oficiais de obras e 4 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses</i>	132.468,58 €	129.383,38 €	8.177,21 €	124.291,37 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 09/02/2024, punto núm. 16.33449, no referente á subvención concedida ó *Concello do Rosal*, CIF núm. P3604800G, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Rosal (P3604800G)	9	<i>1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 3 oficiais de obras e 4 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses</i>	124.291,37 €



Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: Z013G7KEXINN3JX8) e do informe de Intervención (CSV: N2YVB3B5742UOIQQ), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 09/02/2024, punto núm. 16.33449, no referente á subvención concedida ó *Concello do Rosal*, CIF núm. P3604800G, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
O Rosal (P3604800G)	9	<i>1 auxiliar de axuda no fogar a xornada completa durante 9 meses; 3 oficiais de obras e 4 peóns de limpeza viaria e roza forestal a xornada completa durante 8 meses e 1 oficial electricista a xornada completa durante 6 meses</i>	124.291,37 €

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

32.33558.- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL RECOLLIDO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 13.33570, DE 08/03/2024, POLO QUE SE CONCEDÍA AO CONCELLO DE PONTEAREAS UNHA SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ACTUACIÓNS DE MELLORA NA RÚA TROVADOR XOÁN GARCÍA GUILLADE” (Expte: 2024003298)

Primeiro.- No marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, concedeuse ao Concello de Pontareas por acordo da Xunta de Goberno, núm. 13.33570, de data 08/03/2024, unha subvención, por cambio de finalidade, por importe de 99.700,17 euros co obxecto do financiamento do investimento “ACTUACIÓNS DE MELLORA NA RÚA TROVADOR XOÁN GARCÍA GUILLADE” (Expte. 2024003298).



Porén, no mencionado acordo deslízouse un erro material na parte resolutiva ao non desagregarse correctamente as asistencias técnicas que financia a subvención.

Así, ONDE DI:

- (...) A subvención financia obra por importe de 94.565,41 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (1.297,22 €) e á coordinación de seguridade e saúde (810,70 €).

DEBE DICIR:

- (...) A subvención financia obra por importe de 94.565,41 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (3.026,84 €), á dirección de obra (1.297,22 €) e á coordinación de seguridade e saúde (810,70€).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento Provincial.

Consideracións xurídicas de procedemento:

- O artigo 34 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, dispón que os actos administrativos que diten as administracións públicas, ben de oficio ou a instancia do interesado, produciranse polo órgano competente axustándose aos requisitos e ao procedemento establecido. Ase mesmo, que o contido dos actos se axustará ao disposto polo ordenamento xurídico e será determinado e axeitado aos fins de aqueles.
- O artigo 109 apartado segundo do mesmo texto normativo sinala que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



Ao abeiro dos artigos citados, procede corrixir o erro material advertido no acordo da Xunta de Goberno núm. 13.33570, de data 08/03/2024, no que atinxe ao correcto desglose dos conceptos que financia a subvención.

De acordo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o erro material advertido no o acordo da Xunta de Goberno número 13.33570, de data 08/03/2024, no que se concedía ao Concello de Pontearreas unha subvención, por cambio de finalidade, co obxecto do financiamento do investimento “*Actuación de mellora na rúa Trovador Xoán García Guillade*” (Expte.-2024003298), no sentido seguinte:

ONDE DI:

- (...) A subvención financia obra por importe de 94.565,41 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (1.297,22 €) e á coordinación de seguridade e saúde (810,70 €).

DEBE DICIR:

- (...) A subvención financia obra por importe de 94.565,41 € e as asistencias técnicas á redacción do proxecto (3.026,84 €), á dirección de obra (1.297,22 €) e á coordinación de seguridade e saúde (810,70€).

Manter inalterable o resto do contido do acordo arriba referido de concesión de subvención.

Darlle traslado da presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

33.33559.- CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27/10/2023 (NÚM. 27.33117), SOBRE A “CONCESIÓN DE SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2023”.
(Expte.2022070493)

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2023 (acordo núm. 27.33117).



Detectouse un erro de feito no listado das solicitudes que recibiron a subvención, en lugar do nome da entidade ASOCIACION VULCAN RIDERS SPAIN CHAPTER ESPAÑA, aparece o nome da representante de dita entidade, Dona María José Santos Comesaña.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.

2. CONSIDERACIONES XURÍDICAS E TÉCNICAS

Segundo dispón o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tratándose dun erro material procede a súa rectificación.

3. COMPETENCIA

A competencia osténtaa a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o acordo da Xunta de Goberno núm. 27.33117, de 27 de outubro do 2023, sobre a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para actividades de carácter turístico durante o ano 2023.

Onde di:

Expediente	Nif	Entidade	Actividade subvencionada	Orzamento	Importe solicitude	Valoración (puntos)	Importe asignado subvención	Porcentaxe subvención
2023013078	G95587689	Santos Comesaña, María Jose	Rally Internacional 2023 Vulcan Riders	10.406,00€	5.500,00€	41	2.805,23€	26,96%



Debe dicir:

Expediente	Nif	Entidade	Actividade subvencionada	Orzamento	Importe solicitude	Valoración (puntos)	Importe asignado subvención	Porcentaxe subvención
2023013078	G95587689	Vulcan Riders Association Chapter España	Rally Internacional 2023 Vulcan Riders	10.406,00 €	5.500,00€	41	2.805,23 €	26,96%

O resto do acordo manterase inalterable.

34.33560.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE CANGAS RELATIVO AO INVESTIMENTO “PAVIMENTACIÓN ECOLÓXICA RÚA DE FORA-DONON”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1. (Expte.2022010317)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 6.31650, do 29 de Abril de 2022, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023, por importe de 158.508,80 euros ao *Concello de Cangas* co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTACION ECOLOXICA RUA DE FORA-DONON” (Expte. 2022010317), cun orzamento que ascende a 158.508,80 €.
- En data 23/02/2024 con rexistro WEB2024011526, ten entrada no rexistro da Deputación, instancia do *Concello de Cangas* na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, debido a circunstancias sobrevidas que non puideron ser incluídas no contrato inicial que afectan a preparación da base das cunetas, consistindo no aporte de zorra e a súa compactación para servir de base o formigonado das mesmas e son necesarias para a correcta execución das obras. O modificado non supón un incremento no importe inicial do orzamento de 158.508,80 € e non alterar o importe da subvención inicialmente concedida que importa 158.508,80 €.
- O concello aporta o proxecto modificado aprobado polo órgano competente, co fin de ser autorizado este modificado por este organismo e poder o concello executar a obra e tramitar a posterior xustificación nos termos previstos.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.

A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.



- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Base 20ª do Plan Concellos 2022-2023 que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar o proxecto modificado que deberá ser aprobado polo Concello e autorizado pola Deputación. Non obstante, só se admitirán a trámite modificados que se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.
- Artigo 205 da LCSP, que regula as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares, entre as cales se atopa, a necesidade de modificar o contrato por circunstancias sobrevidas non previsibles no momento no que tivo lugar a licitación e, sempre e cando, a modificación non altere a natureza global do contrato e a contía da mesma, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas, non exceda o 50% do prezo inicial, IVE excluído.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do Servizo de Cooperación de data 05/03/2024 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/03/2024, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe favorable da Intervención Provincial de data 18/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado do investimento denominado “*Pavimentación Ecolóxica Rúa de Foradonon*” (Expte. 2022010317), do *Concello de Cangas* cun orzamento de 158.508,80 €.



- Ademais tal e como estaba indicado no acordo 6.31650 de 29 de Abril de 2022, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, polo que é imprescindible que se remita á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31650, do día 29 de abril de 2022, permanecerá invariable.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 30 de setembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de outubro de 2024 en base a prórroga do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2022) publicada no BOPPO núm. 229 de 28 de novembro de 2023. O investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Cangas*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

35.33561.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2024, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS”.
(Expte.2024018626)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29 de decembro de 2023, mediante acordo núm.4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, en adiante Plan +Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 3 de xaneiro de 2024.

Mediante Resolución Presidencial núm.2024000047 de data 08/01/2024 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.

En data 18/03/2024, con rexistro núm.WEB2024017913, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2024, petición do *Concello da Estrada* na que solicita unha subvención por importe de 146.900,00 €, con destino ao financiamento de “*Actividades culturais e deportivas*” (Expte.2024018626), cun orzamento polo mesmo importe.

Na mesma data, con rexistro WEB2024017977, o Concello rectifica un erro no orzamento da actividade III Rallymix da Sidra 2024.



Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2024 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Adventure Galicia	14.700,00 €	14.700,00 €
III Rallymix da sidra 2024	4.500,00 €	4.500,00 €
XXVIII Subida A Estrada 2024	5.400,00 €	5.400,00 €
VII Torneo de fútbol benxamín	4.400,00 €	4.400,00 €
XV Campus deportivo de verán 2024	51.000,00 €	51.000,00 €
Estrada escena	30.900,00 €	30.900,00 €
Feiras cabalares de Pascua e San Martiño	5.900,00 €	5.900,00 €
50ª Festa do salmón	22.000,00 €	22.000,00 €
Ciclo ruralizarte 2024	8.100,00 €	8.100,00 €
TOTAL	146.900,00 €	146.900,00 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base Reguladora 15ª das bases reguladoras do Plan +Provincia 2024, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación, de data 18/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 19/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello da Estrada*, CIF:P3601700B, a cantidade de 146.900,00 €, con destino ao financiamento de “*Actividades culturais e deportivas*” (Expte.2024018626), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024, aprobadas por acordo núm.4.8103 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 3/01/2024 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de A Estrada*, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

36.33562.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

37.33563.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

38.33564.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

